

Informe sobre o estudo de impacto do futuro parque eólico Legre sobre o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras

No marco do desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia (Lei 8/2009 do 22 de Decembro), a empresa Green Capital Power S. L. presentou a solicitude de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico Legre.

O parque preténdese instalar nos municipios de Oza-Cesuras e Mesía, na provincia de A Coruña.

A distancia entre os aeroxeradores e o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras é superior aos 20 km, feito que, xunto coa altitude das instalacións, fai que non se intercepte o feixe do radar. Estudos previos demostraron que, baixo estas condicións, o impacto do parque eólico á calidade dos datos procedentes do radar meteorolóxico sexa marxinal e, polo tanto, **considérase viable a instalación do parque eólico Legre** por parte da empresa Green Capital Power S. L.

Cabe lembrar que devanditos estudos proporcionan recomendacións xerais e que non se analizou en detalle nin a localización dos aeroxeradores nin a climatoloxía da zona. Isto, conxuntamente ao feito que o radar a polarización dual da Xunta de Galicia emprega unha tecnoloxía relativamente recente, implica que **non se pode excluír que nun futuro poidan aparecer problemas non contemplados actualmente**. Se isto ocorrese, non se debería descartar pedir á empresa promotora posteriores medidas



compensatorias co fin de reducir o impacto do parque eólico na calidade dos datos procedentes do radar.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital
O subdirector xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático

Isaac Gómez Piñeiro (asinado dixitalmente na marxe)

